



COMITÉ DE APELACIÓN
FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

Recurso de Apelación: 5/ 2023
Solicitante: A.D.Carballal

RESOLUCIÓN

Visto o recurso de apelación presentado pola A.D. Carballal, en data 29/09/2023, no que solicita a revogación dunha resolución de sanción imposta polo Comité Territorial de Competición na acta 2324/05, por non estar de acordo coa sanción por incoherencia cunha sanción previa sen atenuante de arrepentimento. Mediante a presente, procédese a resolver o recurso de apelación conforme os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O 28 de setembro de 2023 O Comité Territorial de Competición da Federación Galega de Balonmán, facendo uso das súas facultades e competencias, acorda entre outras medidas disciplinarias, na Acta nº 2324/05 acorda sancionar a Yoel Eiró Novo con dous partidos de suspensión.

SEGUNDO.- Sanción que ven de ser recorrida polo club mediante recurso, presentado en tempo.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Valoración feitos. Aplicación atenuante.

O Comité de competición, como xuíz, ten a capacidade de valorar libremente a proba conforme a sana crítica.

A norma da un abano de posibles sancións ás infraccións entre as cales elixe o xuíz, de 1 a 3 partidos de sanción é unha decisión regramentaria. A discrecionalidade do Comité de Competición para valorar a gravidade duns feitos concretos é pouca, a norma taxa o límite inferior e superior, pero sí é certo que dentro de estes o Comité decide subxectivamente qué gravidade teñen os feitos coa maior equianimidade posible. Podería fixar 1, 2 ou 3 encontros.

Nembargantes, o equipo arbitral fai constar na acta a desculpa e por tanto esta ten que terse aplicado como atenuante. Este Comité pode entrar a valorar se ten esa desculpa condición de atenuante, e por tanto, cumpre impoñer a sanción en grado mínimo, conforme os artigos 8 e 11 do RRDg.

No presente caso, o existir inequívocamente a desculpa en conxunción coa redacción do artigo 11 que impón no caso da existencia únciamente de atenuantes procede a sanción no grado mínimo, polo tanto 1 partido e non dous de suspensión.

Por todo o exposto, este Comité de Apelación, reunido ao efecto

RESOLVE

ESTIMAR o recurso interposto pola A.D. Carballal contra a Acta nº 2324/05 que acorda sancionar a Yoel Eiró Novo con dous partidos de suspensión, conforme o artigo 34 do RRDg, revocando parcialmente a devandita resolución para modificar o



XUNTA
DE GALICIA

DEPORTE
GALEGO

número de encontros de sanción de dous a un, sendo a mínima sanción posible para a infracción cometida.

Procede igualmente o inmediato levantamento da suspensión cautelar que se tiña concedido.

Esta resolución esgota o trámite federativo, contra a mesma cabe recurso perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de 15 días hábiles, dende a súa notificación.

Comuníquese aos interesados.

Vigo, 17 de outubro de 2023
A Presidenta do Comité de Apelación
Asdo. Laura González Solla